

BASES DO CERTAME DE PINTURA E DEBUXO “MAR DE SORRIZO”

I. OBXECTIVO

O concurso ten como finalidade promover a creatividade artística e a expresión persoal a través da pintura.

II. TEMA

O I Certame de Pintura “Mar de Sorrizo” abarcará a temática e posta en valor dos recursos mariños da zona en toda a súa extensión: praia, mar, pesca, deportes acuáticos, fauna e paisaxe mariño... As obras recibidas poderán versar sobre calquera tema relacionado co mar, o noso litoral e o propio museo.

III. CATEGORÍAS

Os participantes dividiranse en tres categorías:

Categoría A: Ata 10 anos.

Categoría B: De 11 a 16 anos.

Categoría C: Maiores de 16 anos.

IV. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Poderá participar calquera persoa residente no territorio nacional.
- Cada persoa poderá presentar unha única obra, orixinal e inédita.
- A participación implica a aceptación total das bases.
- Os menores de idade deberán ser representados por un/a titor/a maior de idade.

V. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

- Técnica libre: acéptase acuarela, óleo, acrílico, lapis, carboncillo, pastel, técnicas mixtas etc.
- **Formato do soporte:**

Lado maior: entre 29,7 e 70 cm.

Lado menor: entre 21 e 50 cm.

- Non se aceptarán obras dixitais nin xeradas con intelixencia artificial.
- As obras non deben ser premiadas nin presentadas noutros concursos.

VI. ENTREGA DAS OBRAS

Envío de obras físicas. As obras serán enviadas ou entregadas persoalmente no Museo Mar de Sorrizo en horario de 17 a 20 h de martes a sábado. Do 8 ao 19 de xullo no Mar de Sorrizo.

Empregando unha embalaxe cun material ríxido e suficientemente sólido que asegure a súa integridade.

A obra irá sen asinar e deberá anexar un sobre pechado independente (isto permitirá valorar as obras de forma anónima) onde se incluírán os seguintes datos obrigatorios:

- Nome do Autor (e do Titor en caso de menores de idade)
- Teléfono móbil (do Titor en caso de menores de idade)
- E-mail de contacto (do Titor en caso de menores de idade)

Prazo de recepción: ata o 19 de Julio de 2025 ás 19:59 h. As obras recibidas no Museo Mar de Sorrizo fóra deste prazo non poderán participar no certame.

VII. XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado estará formado por profesionais das artes, a educación e a cultura. Valoraranse:

- 1. Creatividade e orixinalidade (ata 4 puntos)**
- 2. Interpretación do tema (ata 3 puntos)**
- 3. Calidade técnica (ata 3 puntos)**

O xurado resérvase o dereito de non expoñer unha obra se considera que non se axusta á temática solicitada, non alcanza a calidade adecuada, ou calquera outro motivo.

As obras seleccionadas serán expostas no Museo Mar de Sorrizo entre o 30 de Julio e o 31 de agosto de 2025.

Os gañadores comunicaranse a través da páxina web e redes sociais do Concello.

Celebrarase unha inauguración da exposición o 30 de Julio á que se convocará aos autores das obras expostas e procederase á entrega de diplomas e obsequios aos gañadores.

VIII. GAÑADORES

Exporanse 3 gañadores por cada categoría:

- **3 Gañadores da categoría A: Ata 10 anos**
- **3 Gañadores da categoría B: De 11 a 16 anos.**
- **3 Gañadores da categoría C: Maiores de 16**

Todos os participantes recibirán un diploma acreditativo.

Os gañadores serán recoñecidos cun diploma acreditativo e un obsequio por parte do Concello de Arteixo.

IX. DEREITOS DE AUTOR E DIFUSIÓN

- As obras seleccionadas poderán ser difundidas en exposicións, medios dixitais e publicacións, recoñecendo sempre a autoría do artista.
- Os participantes ceden os dereitos de reprodución das devanditas obras con fins culturais e sen ánimo de lucro.

- Unha vez feita pública a selección, as obras non seleccionadas poderán ser recollidas no lugar onde se entregaron no prazo dun MES para contar desde a publicación do fallo do xurado. Transcorrido este tempo as obras pasarán a propiedade do Concello podendo ser reutilizadas ou destruídas sen que caiba reclamación algunha neste sentido. O Concello non será responsable da perda ou deterioración que poidan sufrir os traballos durante o proceso do concurso.

X. DÚBIDAS E CONTACTO

Para calquera consulta, pódese escribir a: certamemardesorrizo@gmail.com ou chamar ao 98113825.